1ºESO

2.1.1.-OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 1ºESO

Ao finalizar o primeiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- Descubrir os elementos do feito relixioso e as súas distintas manifestacións na historia e na vida dos pobos.
- Coñecer que clasificación se pode facer das relixións presentes no mundo actual.
- Descubrir as características elementais das relixións orientais e das relixións monoteístas.
- Fomentar o diálogo interrelixioso como base da convivencia e da paz.
- Buscar resposta ás preguntas fundamentais que nos facemos sobre a orixe e o destino das persoas e analizar as implicacións que ten dar resposta a estas preguntas.
- Razoar as respostas que as grandes relixións dan ás grandes preguntas sobre a existencia
- Explicar a orixe da vida como froito do designio amoroso de Deus Pai.
- Comprender, a partir dos relatos da creación, que as persoas estamos feitas a imaxe e semellanza de Deus, chamados a colaborar na obra da creación.
- Reflexionar sobre as consecuencias que teñen o mal e o pecado na relación con nós mesmos,cos demais e con Deus.
- Coñecer os relatos da infancia de Xesús e as circunstancias nas que se produciron.
- Comprender o que querían comunicar os evanxelistas ao narrar os acontecementos da infancia e do comezo da vida publica.
- Saber razoar o sentido da salvación do pecado e da morte que Xesús Cristo outorga ao crente.
- Comprender o que Xesús quere dicir cando fala do reino de Deus e cales son as características do mesmo.
- Analizar o acontecemento da resurrección de Xesús e a importancia que este feito ten para a vida dos cristiáns.
- Analizar o acontecemento da elección dos discípulos por parte de Xesús.
- -Descubrir a Xesús Cristo como centro da fe cristiá.
- Analizar os moitos e diferentes tipos de amor que se dan no ser humano.
- Coñecer e valorar o papel da sexualidade en determinados tipos de amor.
- – Comprender a relación que existe entre amor e sexualidade, insistindo na importancia que ten a maduración sexual da persoa.
- Identificar a dimensión moral da sexualidade humana e relacionala cos criterios que dimanan da fe cristiá.
- Situarse ante o matrimonio e a familia como elementos clave na vida das persoas e coñecer outras opcións como o celibato.
- Adquirir uns principios básicos para poder actuar con liberdade e responsabilidade no campo da sexualidade.
- Recoñecer o matrimonio como institución social e como compromiso de entrega mutua realizado por dúas persoas no amor.
- Coñecer os dereitos e deberes da familia.
- Enumerar e analizar algunhas dificultades para a vida das familias.
- Comprender o sentido do sacramento do matrimonio e coñecer as súas características.
- Entender que significa que a familia cristiá está hoxe ao servizo da fe e da sociedade.
- Analizar os interrogantes profundos do ser humano sobre a orixe do universo para valorar as respostas que a fe cristiá dá sobre a creación e a vida humana.

3.1.- CONTIDOS 1ºESO

a) O ser humano primitivo fronte ao medio, a morte e o alén. O sentido dos cultos funerarios e os ritos sacrificiais.
b) Os relatos míticos sobre o home e Deus nas relixións xa desaparecidas: Mesopotamia, Exipto, Grecia e Roma.
c) A multiplicidade de deuses no Hinduísmo. O seu sentido sacral da vida e a presenza de Deus.
d) Deus Pai creador, misericordioso e providente. Concepción cristiá da vida. Ordenación da actividade humana ao ben da creación.
e) O ser humano creado por Deus. Unidade corpo e espírito. O home fillo de Deus.
f) O home rompe con Deus polo pecado. A súa rectificación e perfeccionamento en Cristo. A dor e a morte.
g) Deus revélase en Xesús Cristo. A salvación e a redención de Xesús Cristo. A resurrección e a vida eterna.
h) Sentido e significado dalgúns nomes de Cristo no Novo Testamento: Fillo de Deus, Mesías, Señor.
i) Reino de Deus e Igrexa. Significado, realización e transcendencia.
j) As Benaventuranzas, anuncio gozoso de Deus e o seu reinado. Seguimento e identificación con Xesús Cristo.
k) A vida como proxecto persoal. A dignidade da persoa. A persoa humana, principal preocupación da Igrexa. A moral do amor.
l) Sentido e finalidade básica da sexualidade. Valor integrador da sexualidade como don de Deus. Respecto e valoración de ambos os sexos.
m) O sacramento do Matrimonio e a súa moral. Responsabilidade educativa da familia. O divorcio e a súa problemática.
n) A moralidade dos actos no Cristianismo, e a súa relación coa proposta moral do Budismo (sentido da felicidade) e do Islam (valor moral das obras).
o) A Virxe María, modelo do crente.

. **6.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1ºESO**

- Sinalar os elementos das relixións primitivas que teñan algunha relación coa cultura relixiosa actual.
- Establecer distincións entre os relatos míticos da antigüidade e a Revelación de Deus no Cristianismo.
- Formular a concepción do home no cristianismo, e as súas consecuencias na fundamentación dos seus dereitos e deberes.
- Explicar a orixe e sentido do mundo e da vida, como froito do designio amoroso, misericordioso e providente de Deus Pai.
- Saber relacionar a Xesús Cristo coas expectativas do Antigo Testamento.
- Saber razoar o sentido da salvación do pecado e da morte que Xesús Cristo outorga ao crente..
- Recoñecer a mensaxe do Reino e as benaventuranzas como proxecto de vida do cristián que se identifica con Xesús Cristo, e saber aplicar á Igrexa as parábolas do Reino.
- Razoar os principios e valores que fundamentan a moral cristiá, aplicándoos especialmente á problemática actual sobre a vida.
- Saber dar razóns do valor da sexualidade como don de Deus e colaboración con El na creación, e saber aplicar os fundamentos da moral cristiá á vida sexual.
- Deducir do sacramento do Matrimonio os valores da entrega total, o compromiso, a fidelidade e o sentido da procreación.
- Comparar o sentido da felicidade, os medios para alcanzala e a proposta moral no budismo, o cristianismo e o islam.

6.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A calificación dos alumnos de Relixión Católica será unha nota numérica(de 1 a 10) que resultará das diferentes anotacións que dispondrá o profesor:

- **Nota das fichas das unidades** estudadas,as fichas realizaranse coa axuda do libro e do caderno do alumno que poderá utilizar como guía de información , das **actividades e dos traballos** que o profesor encargará y dará un índice para desenrolalo, actividades de ampliación e reforzo dos temas analizados. **60%**
- **Nota do caderno**: O alumno ten que tener todos os exercicios realizados na aula . Ademáis o caderno debe ter unha presentación limpa e ordenada. **15 %** da nota final.

- **Actitude e comportamiento**: A actitude e o comportamiento(atención e participación nas lecturas, debates, opinións,…) nas clases térase en conta á hora de calificar ao alumno utilizando todas as notas que o profesor recolla durante a evaluación.**25%** da nota final.

2ºESO

2.1.2.- OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 2ºESO

Ao finalizar o segundo curso de Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- Descubrir que as persoas somos interioridade e exterioridade
- Coñecer os elementos da interioridade
- Descubrir o valor do silencio como autocoñecemento e comunicación .
- Coñecer como Xesús viviu e falou da interioridade e da oración.
- Interesarse polo feito relixioso como referente básico na vida das persoas
- Reflexionar ao redor da pregunta pola utilidade da relixión: para que serve?
- Adquirir unha información básica sobre as características e manifestacións da relixión
- Coñecer as manifestacións pseudorrelixiosas máis importantes e sabelas diferenciar da relixión .
- Coñecer as principais etapas da historia da salvación: as súas figuras máis representativas, o papel que tiveron na devandita historia e a mensaxe que todo iso transmite
- Enumerar e coñecer o alcance dos encontros fracasados máis importantes que os homes e mulleres tiveron con Deus na historia .
- Comprender que significa que Xesucristo é salvador .
- Coñecer que significado teñen as formulacións que o credo realiza sobre Xesús .
- Descubrir a Xesús, verdadeiro Deus e verdadeiro home .
- Analizar o significado da paixón, morte e resurrección de Xesús para a nosa salvación.
- Coñecer o significado de Pentecoste e as características da vida da primeira Igrexa .
- Comprender que significa que a Igrexa se organiza para o servizo, desde a diversidade de carismas e responsabilidades .
- Coñecer cal é a misión da Igrexa e descubrir a súa achega á historia da humanidade .
- Descubrir que significa seguir a Xesús resucitado.
- Coñecer cales son os medios máis importantes para que se produza o encontro con Xesús .
- Afondar no significado da santidade, tanto na Igrexa primitiva coma na vida actual da Igrexa
- Identificar a Xesucristo como centro e eixe da vida cristiá .
- Comprender o significado da oración e a celebración na vida persoal e comunitaria dun cristián .
- Comprender o sentido das celebracións cristiás en canto expresión da experiencia dun pobo e signos que manifestan a identidade dunha relixión .
- Achegarnos á experiencia dos primeiros cristiáns para ver como e por que empezaron a celebrar determinados acontecementos .
- Coñecer as principais celebracións litúrxicas cristiás que se realizan hoxe no seo da comunidade cristiá e comprender o significado destas .
- Coñecer que é o que caracteriza os sacramentos do bautismo, a eucaristía, a reconciliación e a unción de enfermos, como se realizan e que é o que teñen en común .
- Analizar a relación que teñen os diferentes sacramentos cos momentos cruciais da vida das persoas .
- Descubrir o valor de ser un mesmo como medio de realización persoal .
- Comprender que son e que finalidade teñen os medios de comunicación social .
- Analizar o impacto que os MCS teñen nas persoas .
- Coñecer o enunciado, o significado e as connotacións vitais que teñen para os seguidores de Xesús os tres primeiros mandamentos .
- Analizar algúns dos problemas máis graves que padece a nosa sociedade e que lles afectan radicalmente ás persoas, tales como a fame, a pobreza, a violencia, a guerra, a marxinación e a degradación do medio).
- Sensibilizarse coa situación de millóns de seres humanos que padecen o azoute destes graves problemas, fomentando o esforzo persoal e social por erradicalos .
- Confrontar a realidade que estes problemas ofrecen coa mensaxe de Xesús .
- Analizar en que consiste o traballo e o compromiso dos cristiáns por facer un mundo mellor .
- Recoñecer algunhas das organizacións católicas máis significativas polo seu compromiso coa xustiza e a igualdade, así como o testemuño significativo dalgúns cristiáns .
- Comprender, a partir das palabras de Xesús, que di a relixión cristiá sobre o destino da nosa vida e do mundo .
- Comprobar como todas as relixións da humanidade intentaron responder ao problema da morte .
- Fundamentar o sentido da esperanza cristiá na resurrección.

* **CONTIDOS 2ºESO**

a) O fenómeno relixioso e a súa linguaxe. A busca de Deus e a súa expresión relixiosa, histórica, cultural e social.

b) A experiencia relixiosa como realidade antropolóxica. O sentido da transcendencia. As grandes preguntas do home onde se enraíza o relixioso.

c) A plenitude da experiencia relixiosa: o encontro do home con Deus. O cristianismo e a revelación de Deus nos acontecementos e palabras testemuñados pola Sagrada Escritura.

d) O mal e o pecado. A ruptura do home con Deus. O valor das mediacións.

e) Xesucristo, verdadeiro Deus e verdadeiro home, Mediador noso.

f) Xesucristo revélalle ao home a súa orixe, a súa condición e o seu destino como fillo de Deus.

g) A confesión de fe na encarnación, morte e resurrección de Xesús nas primeiras comunidades cristiás. A presenza de María no Misterio de Cristo.

h) A presenza viva de Deus na Igrexa, sacramento universal de salvación. A Igrexa continúa a obra de Xesucristo, animada polo Espírito Santo.

i) A fe e o seguimento. A santidade como meta de todo cristián.

j) Manifestacións da graza de Deus: orixe, finalidade e sentido dos sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos. Relacións entre estes sacramentos e a vida humana.

k) A liturxia como expresión da relación de Deus cos homes e dos homes con El. Orixe e actualidade. O valor da oración.

l) Moral das relacións do home con Deus: 1º, 2º e 3º mandamentos.

m) Moral en relación coa verdade e coa autenticidade persoal. A súa presenza nos medios de comunicación.

n) Compromiso dos cristiáns na construción da cidade terrestre e valoración das achegas doutras relixións.

o) A civilización do amor: Deus promete un ceo novo e unha terra nova.

CRITERIOS DE AVALIACION 2ºESO

- Detectar os principais elementos que constitúen o fenómeno relixioso e a súa expresión concreta no cristianismo.
- Describir o sentido da vida que ofrece a experiencia relixiosa nas grandes relixións.
- Razoar a responsabilidade persoal que leva consigo o pecado como dano contra si mesmo, contra os demais e como separación de Deus.
- Explicar o sentido da fe cristiá como identificación con Xesucristo e a súa realización plena na vida eterna.
- Saber utilizar a mensaxe dalgúns textos e acontecementos bíblicos para comprobar as manifestacións de Deus e razoar que Xesucristo é verdadeiro Deus e verdadeiro home.
- Saber interpretar a morte e resurrección de Xesucristo como fonte de amor, perdón, esperanza e novo nacemento para os fillos de Deus.
- Especificar signos concretos da presenza e acción de Deus na vida da Igrexa.
- Explicar as razóns polas que o cristián ama e celebra o amor de Deus como raíz da súa filiación.
- Saber establecer relacións entre a vida humana e os sacramentos do bautismo, a reconciliación, a eucaristía e a unción dos enfermos.
- Sinalar na liturxia a relación de Deus cos seus fillos e a resposta destes.
- Saber identificar nalgunhas actitudes e situacións concretas os feitos que van contra a verdade.
- Ilustrar con exemplos as accións sociais que a Igrexa realiza mediante as súas institucións.
- Explicar por que, segundo a fe cristiá, o Reino de Deus alcanzará a súa plenitude nun mundo novo, recreado por Deus.

6.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A calificación dos alumnos de Relixión Católica será unha nota numérica(de 1 a 10) que resultará das diferentes anotacións que dispondrá o profesor:

- **Nota das fichas das unidades** estudadas,as fichas realizaranse coa axuda do libro e do caderno do alumno que poderá utilizar como guía de información , das **actividades e dos traballos** que o profesor encargará y dará un índice para desenrolalo, actividades de ampliación e reforzo dos temas analizados. **60%**
- **Nota do caderno**: O alumno ten que tener todos os exercicios realizados na aula . Ademáis o caderno debe ter unha presentación limpa e ordenada. **15 %** da nota final.
- **Actitude e comportamiento**: A actitude e o comportamiento(atención e participación nas lecturas, debates, opinións,…) nas clases térase en conta á hora de calificar ao alumno utilizando todas as notas que o profesor recolla durante a evaluación.**25%** da nota final.

3ºESO

2.1.3.- OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 3.º DE ESO

Ao finalizar o terceiro curso de Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmos e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade.
- Coñecer as principais características da relixión xudía en tempos de Xesús: a súa fe, normas, festas e centros relixiosos.
- Analizar as esixencias e compromisos dos cristiáns na súa relación con Deus, consigo mesmos e cos demais, relacionándoos con outras opcións presentes na sociedade e nas grandes relixións.
- Comprender que a Biblia é un libro relixioso que contén a Historia da Salvación.
- Coñecer que narran e como se escribiron os libros que compoñen o Antigo Testamento.
- Saber utilizar a Biblia situándoa na súa orixe, forma e finalidade e interpretación adecuada en relación coa historia e experiencia relixiosa de Israel e como expresión da revelación de Deus Pai aos homes.
- Identificar os lugares onde transcorren os principais acontecementos que narra a Biblia así como algúns dos seus xéneros literarios.
- Comprender a Biblia como palabra de Deus ás persoas e norma fundamental da fe e da vida cristiás.
- Coñecer as características xeográficas e políticas de Palestina, país onde viviu Xesús de Nazaret.
- Aprender como era a sociedade do tempo de Xesús: a súa forte estruturación en clases e grupos sociais.
- Estudar que libros conforman o Novo Testamento para comprender a mensaxe que encerran.
- Coñecer que son os evanxeos, cando foron escritos e con que finalidade. Evanxeos sinópticos e apócrifos.
- Identificar diferentes xéneros literarios nos textos evanxélicos.
- Recoñecer e valorar os fitos máis importantes da fe cristiá na historia da Igrexa, nas grandes obras da cultura e nas súas festas, considerando tamén as achegas doutras relixións.
- Coñecer en que consiste a fe cristiá, como se manifesta, onde se vive e de onde procede.
- Descubrir no seguimento de Xesús a raíz do ser cristián.
- Identificar a Xesús Cristo como Fillo de Deus encarnado entre os homes mediante o coñecemento e análise da súa mensaxe, vida e presenza polo Espírito Santo na Igrexa.

- Aprender que significa que o Deus cristián é amor e coñecer as canles que Deus utiliza para comunicarse: a Biblia, a tradición e o maxisterio.
- Coñecer e valorar o sentido e finalidade da Igrexa como a realización institucional do servizo de humanización e salvación que Cristo ofrece ao ser humano, e descubrir a súa achega nos feitos máis importantes da historia española e europea.
- Analizar o proceso mediante o cal as persoas tomamos decisións e construímos a nosa personalidade.
- Coñecer como viviu Xesús as súas propias decisións.
- Comprender como debe ser a conduta dos seguidores de Xesús.
- Adquirir un esquema comprensivo básico dos elementos do acto moral para poder actuar con liberdade e responsabilidade.
- Comprender que a tarefa do cristián é vivir a vida dun xeito positivo e alegre.

- Analizar e comprender a vida da primitiva comunidade cristiá a partir do que sobre a mesma nos di o libro dos Feitos.
- Coñecer a figura do apóstolo Paulo, o núcleo do seu predicación e a súa contribución á expansión do cristianismo no seu primeiro século de historia.
- Analizar a relación da Igrexa co imperio romano e a expansión da mesma ao longo do seu territorio durante os séculos II e III.
- Fundamentar o sentido da esperanza cristiá na fe na resurrección.
- Coñecer o que di o cristianismo sobre a morte e sobre o máis alá.

*** CONTIDOS 3ºESO**

a) O proxecto de Deus sobre o home segundo o xudaísmo, o cristianismo e o islam.
b) A revelación progresiva de Deus no pobo de Israel. O xudaísmo.
c) Fontes da revelación de Deus: Escritura, tradición e maxisterio.
d) Elementos básicos de interpretación da Biblia. Xéneros literarios. Os libros do Antigo Testamento e do Novo Testamento: división, descrición e autores.
e) Deus, misterio de comuñón: a Trindade. Fundamentación bíblica e formación da doutrina trinitaria.
f) Análise das fontes (xudías, romanas e cristiás) sobre a vida de Xesús e o seu tempo. A historicidade dos Evanxeos. Xesús Cristo verdadeiro Deus e verdadeiro home.
g) Xesús Cristo convoca e congrega a comunidade dos seus discípulos. A Igrexa, Misterio de comuñón. O Espírito Santo forza e vida dos crentes.
h) A Igrexa, Pobo de Deus. A misión da Igrexa: catolicidade e carácter misioneiro. Os sacramentos da Confirmación e a Orde sacerdotal.
i) A fe, resposta dos cristiáns á persoa de Xesús Cristo. Razóns para crer e actitudes dos crentes. As benaventuranzas
j) Fundamentos da dimensión moral da persoa. A conciencia moral. A relación con Deus e cos irmáns. Liberdade e busca voluntaria do ben.
k) Moral da vida humana e problemática actual: manipulación xenética, aborto, eutanasia, lexítima defensa, pena de morte, drogas e alcoholismo.
l) A Igrexa primitiva nos Feitos dos Apóstolos. A súa implantación nos séculos II e III. A Igrexa doméstica. Primeiras persecucións. Ministerios nas primeiras comunidades.
m) Primeira arte cristiá: o Bo Pastor, as catacumbas, símbolos cristiáns das comunidades apostólicas.
n) A influencia das relixións monoteístas na configuración da historia e cultura española. Presenza dalgúns elementos artísticos.
o) María, realización da esperanza.
p) A vinda do Señor, o xuízo e a vida eterna.

6.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN 3.º ESO

- Diferenciar os elementos básicos do proxecto de Deus sobre o home nas relixións monoteístas .
- Identificar o xénero literario e o autor dalguns textos da Biblia.
- Establecer relacións entre textos da Biblia , da Tradición e do Maxisterio sobre a revelación de Deus.
- Saber relacionar a experiencia da liberación de Israel cos presenza de Deus como Pai amoroso no medio do seu pobo.
- Situar cronolóxicamente os fitos máis importantes da revelación de Deus que vai preparando a encarnación do Fillo e sinalr as fontes histórias sobre a vida e obra de Xesucristo.
- Razoar o fundamento da Igrtexa comunión, os seus signos e as consecuencias na vida do crente por acción do Espíritu.
- Razoar como os carismas e ministerios desenvolven a misión da Igrexa.
- Distinguir a fe como don de Deus e como resposta razonable do homoe.
- Describir os rasgos esenciais da fe das comunidades cristiás nos tres primeiros siglos e a súa expresión no arte.
- Razoar o valor da liberdade como elección da verdade e o ben a partires dos seus propios actos.
- Saber sintetizar , desde las bienaventuranzas, un código de conducta do cristiano.
- Aplicar os principios morais do cristianismo ós problemas actuais sobre a vida.
- Mostrar as aportaciós das relixións monoteístas á cultura española.
- Localizar alguns textos b´blicos sobre o xuizo e destino final .

6.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

A calificación dos alumnos de Relixión Católica será unha nota numérica(de 1 a 10) que resultará das diferentes anotacións que dispondrá o profesor:

- **Nota das fichas das unidades** estudadas,as fichas realizaranse coa axuda do libro e do caderno do alumno que poderá utilizar como guía de información , das **actividades e dos traballos** que o profesor encargará y dará un índice para desenrolalo, actividades de ampliación e reforzo dos temas analizados. **60%**
- **Nota do caderno**: O alumno ten que tener todos os exercicios realizados na aula . Ademáis o caderno debe ter unha presentación limpa e ordenada. **15 %** da nota final.
- **Actitude e comportamiento**: A actitude e o comportamiento(atención e participación nas lecturas, debates, opinións,…) nas clases térase en conta á hora de calificar ao alumno utilizando todas as notas que o profesor recolla durante a evaluación.**25%** da nota final.

4ºESO

2.1.4.- OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 4.º DE ESO

Ao finalizar o cuarto curso de Educación Secundaria Obrigatoria preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- Descubrir o valor e a importancia da historia.
- Comprender a influencia que o pasado ten na vida das persoas.
- Coñecer a propia tradición familiar.
- Coñecer os procedementos axeitados para analizar feitos históricos.
- Coñecer as características do cristianismo en tempos do Imperio Romano.
- Descubrir as dificultades da Igrexa nos primeiros séculos.
- Saber recoñecer as expresións artísticas dos primeiros cristiáns.
- Coñecer momentos de forte expansión do cristianismo en diferentes épocas.
- Recoñecer o cristianismo como mensaxe universal.
- Debuxar os aspectos fundamentais da historia da Igrexa nos séculos IV-V.
- Enumerar e coñecer os contidos fundamentais dos primeiros concilios.
- Distinguir e caracterizar a arte paleocristiá e bizantina.
- Analizar a importancia que o cristianismo tivo, como factor de unidade, na época posterior á caída do Imperio romano de Occidente e ás invasións bárbaras.
- Coñecer a Igrexa en tempos de Carlos Magno.
- Descubrir a orixe, sentido e achega á historia da Igrexa do monacato.
- Analizar a expansión do islam e a presenza da relixión cristiá na España musulmá.
- Saber caracterizar, distinguir e valorar a arte románica.
- Descubrir que significa que a Igrexa está ao servizo do mundo.
- Afondar nas características da historia da Igrexa nos séculos X-XIII.
- Tomar conciencia da importancia da reforma do monacato e da aparición das ordes mendicantes.
- Afondar no significado das peregrinacións, de modo particular, no Camiño de Santiago.
- Coñecer o significado das cruzadas e as consecuencias do cisma de Oriente e de Occidente.
- Saber distinguir a novidade da arte gótica respecto da románica e coñecer a súa finalidade e características máis importantes.
- Descubrir como a Igrexa, ao longo da historia, traballou e permaneceu do lado dos máis necesitados.
- Coñecer a mensaxe de Xesús: anunciarlles a boa nova aos pobres, identificarse e facerse próximo a eles.
- Analizar as causas e as figuras que levaron a cabo a reforma protestante, a figura de Lutero.
- Analizar e comprender en que consistiu a reforma católica ou *contrarreforma.*
- Descubrir as luces e as sombras da evanxelización levada a cabo a partir do século XV.
- Recoñecer na arte renacentista unha nova concepción do mundo e da persoa, así como a importancia do Barroco como un valioso instrumento de propaganda relixiosa.
- Descubrir o valor da mística na vida da Igrexa e na súa historia.
- Coñecer como lle afectou á vida da Igrexa a Ilustración, a secularización e a Revolución Francesa.
- Descubrir os contidos relixiosos nas obras do romanticismo e do realismo.
- Coñecer o verdadeiro significado de *relixión, fe, ciencia, razón, filosofía* e *crenza*, e saber que relación existe entre todas elas.
- Saber como foi a historia da Igrexa nos séculos XIX e XX.
- O Concilio Vaticano II: razóns da súa convocatoria, características máis importantes e achegas á sociedade e á vida interna da Igrexa.
- Coñecer artistas e obras representativas da relación entre arte e relixión nesta época.
- Examinar as características da historia da Igrexa na segunda metade do século XX.
- Coñecer en que se plasmaron as propostas do Vaticano II: vida interna da Igrexa e novo xeito de estar no mundo.
- Achegarse o papado de Xoán Paulo II, o Papa viaxeiro.
- Coñecer as tendencias artísticas a finais do século XX nas que está presente o tema relixioso.
- Recoñecer, ao longo da historia da Igrexa, diferentes momentos de diálogo e convivencia interrelixiosa.
- Saber en que consiste o compromiso ecuménico da Igrexa e como se leva a cabo nela o diálogo interrelixioso.
- Examinar a realidade e os desafíos aos que ten que facerlle fronte a Igrexa nos comezos do século XXI.
- Saber de que xeito o cristianismo está comprometido co presente e co futuro.
- Coñecer cal é a relación entre a arte e a relixión ao inicio do século XXI e que manifestacións relixiosas se levan a cabo na actualidade.

* **CONTIDOS 4ººESO**

a) O misterio da Igrexa. Realidade visible e espiritual. Misterio da unión dos homes con Deus.
b) A presenza e realización das notas da Igrexa ao longo da historia.
c) A Igrexa, unidade dos cristiáns nun só Corpo, cuxa vida é Cristo.

d) Final da vixencia do paganismo e extensión do cristianismo no Imperio Romano. Constantino e o Edicto de Milán. San Xerónimo e Santo Agostiño. Concilios de Éfeso e Calcedonia. Algunhas desviacións doutrinais. Diálogo fe-cultura nos primeiros séculos.
e) A cultura cristiá antiga. A basílica paleocristiá. «As Confesións» de Santo Agostiño.
f) A evanxelización de Europa. O monacato: a regra beneditina. Mahoma: o mesianismo islámico e a disputa iconoclasta. III Concilio de Toledo. San Isidoro. Carlos Magno e a Europa cristiá. Fundación dos Estados Pontificios. A relixión cristiá na España musulmá. O rito mozárabe.
g) As basílicas visigóticas e románicas: arquitectura, escultura e pintura.
h) O primeiro cambio de milenio. Cisma de Oriente. As peregrinacións: o camiño de Santiago, vertebrador de Europa. Preservación dos Santos Lugares: as Cruzadas. As ordes militares. A reforma do monacato: Cluny e San Bernardo. O movemento a favor da pobreza e as ordes mendicantes: San Francisco de Asís e San Domingo de Guzmán. Aviñón e o Cisma de Occidente.
i) A catedral gótica: arquitectura, escultura e vidreiras. O canto gregoriano.
j) O Cristianismo durante o Renacemento e o Barroco. A importancia da Universidade: Duns Scoto, Santo Anselmo, San Tomé. A reforma protestante. Trento e a reforma católica. Novas ordes relixiosas. Grandes santos e místicos españois: Santa Teresa de Jesús, San Juan de la Cruz e Santo Ignacio de Loyola. A Inquisición. A evanxelización do Novo Mundo: a defensa dos indios e as reducións do Paraguai.
k) A arte cristiá no Renacemento e no Barroco. A literatura mística. A música como expresión da experiencia relixiosa.
l) A Igrexa no mundo contemporáneo. O conflito fe-razón. A preocupación pola cuestión social. As novas ordes relixiosas, pioneiras na educación, a sanidade e a asistencia. Grandes educadores cristiáns. A expansión misioneira e a presenza da Igrexa no "cuarto mundo". Ciencia e relixión.
m) A expresión contemporánea da arte cristiá. Rexurdir da pintura mística e ecuménica. A concepción relixiosa moderna en arquitectura. A música relixiosa actual. A poesía mística hoxe.
n) O encontro coa modernidade e a renovación interior da Igrexa contemporánea: o Concilio Vaticano II. Liñas mestras das Constitucións. Totalitarismos de Estado e a súa catástrofe moral. O Holocausto. Xudaísmo e islam contemporáneos: tradición e modernidade.
o) O segundo cambio de milenio. A presenza do relixioso nos medios de comunicación e a creación virtual de opinión.

6.1.- CRITERIOS DE AVALIACIÓN 4.º DE ESO

- Argumentar sobre o servizo que a Igrexa presta ao longo dos séculos ao transmitirnos íntegras a mensaxe e a vida de Xesús.
- Apreciar que a santidade da Igrexa é eficaz, a pesar do pecado dos seus fillos.
- Situar no seu contexto histórico algúns feitos da Igrexa como servizo á fe.
- Describir o servizo que os modelos de vida cristiáns lle achegaron á cultura de cada época.
- Razoar o servizo dos concilios á transmisión da fe.
- Explicar o sentido relixioso das peregrinacións.
- Razoar o sentido das reformas da Igrexa como renovación nas súas raíces evanxélicas.

- Localizar as achegas dos grandes santos e doutores da Igrexa na construción de Europa e na súa evanxelización.
- Sinalar o servizo que a Igrexa lle realiza á cultura desde as súas institucións e persoas relevantes no renacemento e barroco.
- Describir a acción educativa e social da Igrexa no mundo contemporáneo.
- Identificar os grandes fitos da arte cristiá como expresión da fe do pobo e manifestación da acción de Deus no mundo.
- Sinalar, en algúns textos do Concilio Vaticano II, as achegas da Igrexa sobre o diálogo co mundo.

6.2.- CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN
A calificación dos alumnos de Relixión Católica será unha nota numérica(de 1 a 10) que resultará das diferentes anotacións que dispondrá o profesor:

- **Nota das fichas das unidades** estudadas,as fichas realizaranse coa axuda do libro e do caderno do alumno que poderá utilizar como guía de información , das **actividades e dos traballos** que o profesor encargará y dará un índice para desenrolalo, actividades de ampliación e reforzo dos temas analizados. **60%**
- **Nota do caderno**: O alumno ten que tener todos os exercicios realizados na aula . Ademáis o caderno debe ter unha presentación limpa e ordenada. **15 %** da nota final.

- **Actitude e comportamiento**: A actitude e o comportamiento(atención e participación nas lecturas, debates, opinións,…) nas clases térase en conta á hora de calificar ao alumno utilizando todas as notas que o profesor recolla durante a evaluación.**25%** da nota final.

1ºBACHARELATO

2.2.1.- OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 1º BACHARELATO

Ao finalizar o cuarto curso de 1º curso de Bacharelato preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- Identificar as cuestións sobre o sentido da vida e valorar a importancia que estas teñen para a felicidade persoal.
- Adquirir un panorama xeral organizado das grandes respostas que se lle foron dando á cuestió n sobre o sentido da vida.
- Enmarcar as relixións, e en especial a fe cristiá, no contexto da resposta ao problema do sentido da vida.
- Tomar conciencia dos principais problemas que vive a sociedade actual, analizar os feitos, investigar as causas e coñecer a doutrina da Igrexa a este respecto.
- Adquirir un panorama xeral organizado da doutrina social da Igrexa, das súas raíces, os seus principios inamovibles e a súa evolución histórica.
- Comprender que a orde social imperante hoxe no mundo constitúe unha violación da dignidade da persoa e do dereito dos pobos e comprometerse a colaborar na súa mellora.

*** CONTIDOS 1º BACHARELATO**

a) A dimensión relixiosa do ser humano e as súas distintas expresións. As relixións na Constitución española.
b) A expresión da experiencia de Deus nas distintas linguaxes de hoxe. Sentido da transcendencia.
c) As grandes relixións monoteístas e o cristianismo na actualidade.
d) Humanismos actuais de inspiración non cristiá. Laicismo e “relixión civil”. Novas formas de relixiosidade hoxe.
e) Estudo comparado das distintas posturas ante Deus. A descrenza
f) e as súas formas. A fe ante o ateísmo, o agnosticismo e a indiferenza.
g) humanismo cristián como resposta ao sentido da vida: grandes pensadores cristiáns.
h) Xesucristo, Deus e home, polo seu misterio pascual realiza o proxecto divino de salvación. O home novo, que nace do amor de Deus, coopera e intégrase no Reino de Deus.
i) A plenitude da salvación realizada e ofrecida por Xesucristo, e a vida eterna. Posicións actuais sobre o alén.

j) A achega da fe ás formulacións que, no mundo actual, fai a técnica sobre a persoa humana. A liberdade e a responsabilidade.
k) A resposta do home á oferta salvadora de Deus. O seguimento de Xesucristo. A fe e o amor.
l) compromiso na vida cristiá. O voluntariado na Igrexa e noutras institucións.
m) A Igrexa e a sociedade: os católicos na vida pública. Política e relixión. Liberdade relixiosa. Tolerancia e pluralismo. As relacións Igrexa-Estado.
n) Principios e fundamentos da doutrina social da Igrexa. Encíclicas sociais.
o) A fe cristiá e a ética. A conexión entre ética pública e ética privada. Cuestións morais de actualidade e resposta cristiá.
p) Reino de Deus, presente xa, chegará á súa plenitude. Fundamentación humana e evanxélica da construción da paz e da civilización do amor.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN 1ºBACHARELATO

- Describir as grandes respostas que se lle deron á cuestión sobre o sentido da vida e saber recoñecer eses diferentes tipos de resposta nalgunhas condutas actuais.
- Coñecer o sentido da vida que propuxeron algúns dos pensadores máis representativos dos séculos XIX e XX.
- Situar o fenómeno relixioso como un dos elementos máis específicos de resposta á cuestión sobre o sentido da vida.
- Captar a especificidade da relixión cristiá no contexto das demais relixións e comprender a estrutura da propia fe cristiá e as súas consecuencias na vida das persoas que a aceptan.
- Detectar como o sentido da vida leva moitas persoas a se preguntaren polo misterio da vida e a comprenderen que Deus, na persoa de Xesucristo, lle deu sentido á vida dos seres humanos.
- Describir a realidade social, política e económica do contorno mediante a observación e a análise da realidade, e detectar os problemas que formula para valorala desde os principios fundamentais da doutrina social da Igrexa.

- Tomar conciencia, mediante a observación da realidade e o uso dos medios de comunicación, da inxusta orde social imperante hoxe na sociedade e ser quen de valorala á luz dos criterios morais cristiáns para, desde formulacións de fe, comprometerse na mellora das estruturas sociais.
- Participar en debates sobre temas de actualidade relacionados coas realidades económicas, sociais e políticas en que se confronten as opinións propias coas doutras persoas e, especialmente, coa doutrina social da Igrexa.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 1ºBAC

A calificación dos alumnos de Relixión Católica será unha nota numérica(de 0 a 10) que resultará das diferentes anotacións que dispondrá o profesor:

- **Nota das fichas das unidades** estudadas,as fichas realizaranse coa axuda do libro e do caderno do alumno que poderá utilizar como guía de información , das **actividades e dos traballos** que o profesor encargará y dará un índice para desenrolalo, actividades de ampliación e reforzo dos temas analizados. **60%**
- **Actitude e comportamiento**: A actitude e o comportamiento(atención e participación nas lecturas, debates, opinións,…) nas clases térase en conta á hora de calificar ao alumno utilizando todas as notas que o profesor recolla durante a evaluación.**40%** da nota final.

2ºBACHARELATO

2.2.2.- OBXECTIVOS DO PROXECTO CURRICULAR DA ÁREA DE RELIXIÓN CATÓLICA 2º BACHARELATO

Ao finalizar o 2º curso de Bacharelato preténdese que o alumno/a sexa capaz de:

- Adquirir un panorama das claves fundamentais da vida persoal, das cales dependen a felicidade e as relacións persoais en boa medida.
- Captar a importancia do "proxecto persoal de vida" como instrumento para canalizar a propia vida e comprender as implicacións da proposta cristiá nese proxecto.
- Elaborar unha axeitada comprensión do que significa "ser persoa" a partir das dúas vertentes fundamentais da experiencia humana: a interioridade e o encontro cos demais e co mundo.
- Coñecer as composicións artísticas de contido cristián máis significativas da cultura occidental e da nosa cultura máis próxima, así como desenvolver a sensibilidade artística e relixiosa ante a contemplación e o estudo de obras de arte de contido relixioso.
- Saber interpretar as diferentes maneiras que ten a arte de presentar o relixioso e descubrir a mensaxe cristiá na arte.
- Valorar a importancia que a arte cristiátivo e ten na formación do patrimonio cultural da humanidade en xeral e do noso país en particular.

*** CONTIDOS 2º BACHARELATO**

a) A achega da fe ás formulacións que, no mundo actual, fai a técnica sobre a persoa humana. A liberdade e a responsabilidade.

b) Xesucristo, Deus e home, polo seu misterio pascual realiza o proxecto divino de salvación. O home novo, que nace do amor de Deus, coopera e intégrase no Reino de Deus.

c) O sentido transcendente e o sentido cristián nas artes plásticas. A arte como pedagoxía da fe.

d) O fenómeno relixioso e a súa presenza nos medios de comunicación social. A tolerancia, a liberdade e a pluralidade relixiosa.

*** CRITERIOS DE AVALIACIÓN 2ºBACHARELATO**

- Elaborar un esquema comprensivo básico do funcionamento do acto moral e, xa que logo, da dimensión moral da nosa existencia.
- Analizar como inflúe a fe cristiá na dimensión da existencia humana.
- Establecer, a partir da vida de Xesús, os valores fundamentais da moral cristiá.
- Tomar conciencia da dimensión sexual da vida humana e comprender a visión cristiá sobre esta.
- Participar en debates sobre temas relacionados co tratado neste bloque temático, para confrontar as opinións propias coas doutros e cos principios da relixión e da moral católica.
- Detectar, mediante a análise e a contemplación de obras artísticas, a dimensión espiritual da arte.
- Explicar as relacións que se deron ao longo da historia entre a arte e a relixión cristiá.
- Situar no tempo as diferentes obras artísticas e analizar como a época influíu nunha determinada concepción do relixioso.
- Identificar que características de Xesús plasmaron os artistas de todos os tempos nas diferentes expresións artísticas sobre a súa persoa.

- Describir ,mediante a análise de obras de arte, as diferentes pasaxes bíblicas da vida de María

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN 2ºBAC

A calificación dos alumnos de Relixión Católica será unha nota numérica(de 0 a 10) que resultará das diferentes anotacións que dispondrá o profesor:

- **Nota das fichas das unidades** estudadas,as fichas realizaranse coa axuda do libro e do caderno do alumno que poderá utilizar como guía de información , das **actividades e dos traballos** que o profesor encargará y dará un índice para desenrolalo, actividades de ampliación e reforzo dos temas analizados. **60%**
- **Actitude e comportamiento**: A actitude e o comportamiento(atención e participación nas lecturas, debates, opinións,…) nas clases térase en conta á hora de calificar ao alumno utilizando todas as notas que o profesor recolla durante a evaluación.**40%** da nota final.